

Análise de situación do Sistema Público de Pensións

1. Estado español

Novamente nos atopamos ante unha nova reforma do Sistema de Pensións da Seguridade Social. A escusa volve a ser a mesma: a futura creba do sistema se non se toman as medidas oportunas, as cales sempre se traducen en aumentar os anos necesarios para acceder ao 100% da pensión, ampliar o período para o cálculo da pensión..., en definitiva reducir a futura pensión do traballador, cando non, excluílo do sistema contributivo.

Estas reformas normalmente veñen acompañadas de “pactos polo emprego”, ou calquera outro nome, que na práctica se traducen en reducir as cotizacións sociais coa desculpa de crear emprego. Créanse figuras de contratación exentas total ou parcialmente de cotización, redúcense as cotizacións de determinados colectivos co fin de que se incorporen ao mercado de traballo ou que se establezcan nel... O resultado: menor coste salarial para o empresario e, polo tanto, menor recadación do sistema da Seguridade Social, nas mesmas condicións de emprego.

É dicir, o empresario ve reducidos os seus custos e ao traballador increméntanlle os anos necesario para ter acceso a unha pensión ou ve reducido o importe da mesma.

Vemos pois a primeira contradicción de saída: coa desculpa de crear emprego reducimos as cotizacións sociais de determinados colectivos de traballadores, o que implica unha redución na recadación dos ingresos da seguridade social, e ao mesmo tempo fanse proxeccións sobre a creba futura do sistema se non se reducen os gastos. Non se cuestiona a redución real, inmediata e programada dos ingresos, pero si hai que tomar medidas cara a un hipotético incremento futuro dos gastos superior aos ingresos.

Estas reformas prodúcese nun momento de crecemento económico, creación de emprego e fortes incrementos dos beneficios empresariais, en cambio o custo das mesmas recae exclusivamente sobre a clase traballadora, xa que como dixen antes os fondos saen das contas da seguridade social e non dos orzamentos do Estado.

Previo a estas reformas, proliferan análises sobre a crise do Sistema de Pensións e a forma de resolvela. Análises, que por certo, están feitos e financiados, nunha cuantía nada desdeñable, por entidades financeiras, as entidades máis beneficiadas polos plans privados de pensións.

Ao mesmo tempo, o tratamento fiscal que reciben os plans privados de pensións, fan esta modalidade de aforro moi atractiva. Son pois moitas as vías e as formas para preparar o escenario das reformas e desviar parte dos fondos para os sistemas privados.

Ate agora, e como veremos máis adiante, o Sistema Público de Pensións no Estado español ten superávit, que podería ser maior se a parte contributiva e a non contributiva estiveran perfectamente separadas.

Como sabemos o Sistema Público de Pensións no Estado español está formado por dous programas: un contributivo no que traballadores e empresarios realizan obrigatoriamente cotizacións para facer

fronte ás prestacións, e un non contributivo ou asistencial no que o dereito a recibir ha prestación determíno a necesidade dos beneficiarios.

A pesar de que nos últimos anos se deu un incremento progresivo na separación financeira dos dous programas, aínda hoxe non están perfectamente diferenciados. Hai unha cantidade de fondos (o que no cadro seguinte se coñece como transferencias correntes), que se transfire desde os orzamentos do Estado aos da SS co fin de financiar a parte non contributiva do sistema: pensións non contributivas, prestacións familiares e sociais e complemento de mínimos. Pero estas transferencias non cobren o 100% dos gastos non contributivos: ate o ano 2012 os complementos a mínimos non son financiados totalmente polos orzamentos do Estado, tampouco os gastos de xestión destas prestacións non contributivas se transfiren, sen esquecer as bonificacións ás cotizacións, que merman os ingresos.

A pesar desto, hai un sobranse, parte do cal se destina desde o ano 2000 a un “fondo de reserva”, pero nin todo o superávit da SS se destina ao mesmo, nin, como comentamos antes, está totalmente diferenciada a parte contributiva da non contributiva da SS. Os datos amosámoslos a continuación.

A distribución económica das obrigacións e dereitos recoñecidos dos últimos anos foi como segue:

Dereitos recoñecidos (en millóns de euros)							
Capítulos	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Cotizacións sociais	50.422	55.243	60.123	63.986	68.903	73.561	79.098
Tasas e outros ingresos	885	942	994	910	953	845	873
Transferencias correntes	4.264	5.977	6.407	6.140	6.793	7.193	7.609
Ingresos patrimoniais	110	291	433	507	627	826	1.104
Enaxenación de inversións reais	25	20	23	9	3	54	69
Transferencias de capital	3	43	42	36	38	57	37
Activos financeiros	5	3	3	4	5	5	5
Pasivos financeiros	529	–	–	–	–	–	–
Total	56.243	62.519	68.025	71.592	77.322	82.541	88.795

Fonte: Distribución territorial de ingresos e gastos, exercicio 1999-2005, SS, MTAS.

Obrigacións recoñecidas (en millóns de euros)							
Obrigacións recoñecidas	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Gastos de persoal	853	879	905	928	965	1.030	1.081
Gastos correntes en bens e servizos	337	346	410	454	502	544	515
Gastos financeiros	51	51	51	51	50	50	0
Transferencias correntes	53.211	57.852	60.340	63.592	67.209	72.266	77.252
Pensións contributivas	46.854	51.007	53.374	56.852	60.151	64.453	68.950
Pensións non contributivas	1.391	1.551	1.618	1.676	1.735	1.781	1.848
Incapacidade temporal	2.053	2.031	2.137	2.386	2.676	3.064	3.336
Prestacións por matenidade e risco durante o embarazo	639	739	847	943	1.071	1.187	1.391
Prestacións familiares	673	756	794	814	852	864	900
A Comunidades Autónomas	877	821	836	283	118	322	315

Á Administración do Estado	106	194	200	131	128	133	136
Prestacións LISMI	209	183	161	141	124	109	95
Outras transferencias	405	495	370	362	348	349	350
Inversións reais	114	148	190	204	205	224	265
Transferencias de capital	16	13	15	18	19	30	23
Activos financeiros	2	543	939	3.350	5.193	9.363	7.900
Pasivos financeiros	0	77	77	121	77	77	77
Total	54.584	59.909	62.927	68.718	74.220	83.584	87.113

Fonte: Distribución territorial de ingresos e gastos, exercicio 1999-2005, SS, MTAS.

As cotizacións sociais son o groso dos ingresos, acadando no ano 2005 o 89% do total; o resto dos ingresos son residuais.

No que atinxe aos gastos, son as pensións contributivas co 79% do total dos mesmos no ano 2005, os máis importantes; sen incluír os gastos de capital, as incapacidades temporais, co 3,8% do gasto, son a segunda rúbrica de maior peso, pero xa a moita distancia das pensións contributivas.

A continuación sitúanse as pensións non contributivas co 2,1% do total do gasto; aínda que habería que incrementar esta cuantía en parte xa que as pensións non contributivas do País Vasco e Navarra inclúense dentro das transferencias a outras comunidades ao estar transferidas.

A diferenza entre ingresos e gastos, danos o resultado do sistema, o cal, nos anos analizados, salvo no 2004, ten superávit.

Diferencia (en millóns de euros)							
	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
	1.659	2.610	5.098	2.874	3.102	-1.043	1.682

Fonte: Distribución territorial de ingresos e gastos, exercicio 1999-2005, SS, MTAS.

O déficit do ano 2004 explícase polo forte incremento dos activos financeiros, algunha inversión importante nese ano modificou o resultado.

Con diferencias importantes duns anos para outros, e coa excepción do 2004, os resultados son positivos; e estes resultados acadáronse nuns anos onde a redución das cotizacións sociais foi a arma utilizada polo goberno para a creación de emprego, ou para modificar as condicións do existente, como comentábase anteriormente.

Tan importante como coñecer as obrigacións e os dereitos recoñecidos en valores absolutos é ver como foron variando ao longo destes últimos anos.

Variación dos dereitos recoñecidos (en tanto por cen)							
Capítulos	2000 /1999	2001 /2000	2002 /2001	2003 /2002	2004 /2003	2005 /2004	2005 /1999
Cotizacións sociais	9,6	8,8	6,4	7,7	6,8	7,5	56,9

Taxas e outros ingresos	6,4	5,5	-8,5	4,7	-11,3	3,3	-1,4
Transferencias correntes	40,2	7,2	-4,2	10,6	5,9	5,8	78,4
Ingresos patrimoniais	164,5	48,8	17,1	23,7	31,7	33,7	903,6
Enaxenación de inversións reais	-20,0	15,0	-60,9	-66,7	1.700,0	27,8	176,0
Transferencias de capital	1.333,3	-2,3	-14,3	5,6	50,0	-35,1	1.133,3
Activos financeiros	-40,0	0,0	33,3	25,0	0,0	0,0	0,0
Pasivos financeiros							
Total	11,2	8,8	5,2	8,0	6,7	7,6	57,9

Fonte: Distribución territorial de ingresos e gastos, exercicio 1999-2005, SS, MTAS.

Variación das obrigas recoñecidas (en tanto por cen)

Obrigacións recoñecidas	2000 /1999	2001 /2000	2002 /2001	2003 /2002	2004 /2003	2005 /2004	2005 /1999
Gastos de persoal	3,0	3,0	2,5	4,0	6,7	5,0	26,7
Gastos correntes en bens e servizos	2,7	18,5	10,7	10,6	8,4	-5,3	52,8
Gastos financeiros	0,0	0,0	0,0	-2,0	0,0	-99,2	-99,2
Transferencias correntes	8,7	4,3	5,4	5,7	7,5	6,9	45,2
Pensións contributivas	8,9	4,6	6,5	5,8	7,2	7,0	47,2
Pensións non contributivas	11,5	4,3	3,6	3,5	2,7	3,8	32,9
Incapacidade temporal	-1,1	5,2	11,7	12,2	14,5	8,9	62,5
Prestacións por maternidade e risco durante o embarazo	15,6	14,6	11,3	13,6	10,8	17,2	117,7
Prestacións familiares	12,3	5,0	2,5	4,7	1,4	4,2	33,7
A Comunidades Autónomas	-6,4	1,8	-66,1	-58,3	172,9	-2,2	-64,1
Á Administración do Estado	83,0	3,1	-34,5	-2,3	3,9	2,3	28,3
Prestacións LISMI	-12,4	-12,0	-12,4	-12,1	-12,1	-12,8	-54,5
Outras transferencias	22,2	-25,3	-2,2	-3,9	0,3	0,3	-13,6
Inversións reais	29,8	28,4	7,4	0,5	9,3	18,3	132,5
Transferencias de capital	-18,8	15,4	20,0	5,6	57,9	-23,3	43,8
Activos financeiros	27.050,0	72,9	256,8	55	80,3	-15,6	394.900,0
Pasivos financeiros	25.566,7	0,0	57,1	-36,4	0,0	0,0	25.566,7
Total	9,8	5,0	9,2	8,0	12,6	4,2	59,6

Fonte: Distribución territorial de ingresos e gastos, exercicio 1999-2005, SS, MTAS.

Excluindo os gastos de capital, son os gastos correntes en bens e servizos os que máis medraron ano a ano, salvo no ano 2005: polo que atinxe ás transferencias correntes a evolución é moi desigual:

- O gasto en pensións contributivas é tódolos anos inferior ao incremento do gasto total.
- O gasto en pensións non contributivas tivo un incremento incluso inferior ao incremento do IPC.
- O incremento do gasto en incapacidade laboral foi desmesurado nos últimos anos.
- As prestacións por maternidade e risco durante o embarazo foron as que máis medraron.

Comparación entre as diferencias dos ingresos/gastos da seguridade social

e as principais magnitudes macroeconómicas

	2000 /1999	2001 /2000	2002 /2001	2003 /2002	2004 /2003	2005 /2004	2005 /1999
Dereitos	11,2	8,8	5,2	8,0	6,7	7,6	57,9
Obrigas	9,8	5,0	9,2	8,0	12,6	4,2	59,6
IPC	4,0	2,7	4,0	2,6	3,2	3,7	21,9
PIB nominal	8,7	7,9	7,2	7,1	7,3	8,0	56,0

Fonte: Distribución territorial de ingresos e gastos, exercicio 1999-2005, SS, MTAS.

En termos nominais, os recursos destinados a este tipo de protección social tiveron un crecemento semellante á evolución do Produto Interior Bruto.

1.1. Os planos privados de pensións

Comentábase na introducción deste traballo que nos últimos anos proliferaron numerosos estudos sobre o futuro das pensións no Estado español. Nunha parte importante deles avogábase por unha reforma do sistema co obxectivo de garantir a sustentabilidade do mesmo, o mesmo tempo que se recomendaba a subscrición dun plan de pensións privado para a “tranquilidade” futura do xubilado.

O ano 2000 era unha data clave para o quebra do sistema, no ano 2000 o sistema tivo superávit. Pero tamén nestes anos, os participantes nalgunha das modalidades de fondo de pensión disparáronse. Non cabe dúbida que a este forte incremento tamén contribuíu o tratamento fiscal que por parte dos distintos gobernos se lle aplicou a esta modalidade de aforro.

Partícipes dos fondos de pensións (a 31 de decembro de cada ano)

	Individual	Empleo	Asociado	Total	Variación
1989	317.777	–	–	–	–
1990	530.551	81.420	15.987	627.958	–
1991	710.677	110.315	21.309	842.301	34,1
1992	875.041	166.592	26.358	1.067.991	26,8
1993	1.066.872	212.668	62.791	1.342.331	25,7
1994	1.301.712	222.249	67.759	1.591.720	18,6
1995	1.490.255	234.674	71.155	1.796.084	12,8
1996	1.838.804	267.174	72.669	2.178.647	21,3
1997	2.352.239	292.090	76.459	2.720.788	24,9
1998	2.953.750	316.545	76.497	3.346.792	23,0
1999	3.623.507	371.648	76.448	4.071.603	21,7
2000	4.402.708	463.519	72.601	4.938.828	21,3
2001	5.168.114	566.885	92.941	5.827.940	18,0
2002	5.829.358	614.996	88.721	6.533.075	12,1
2003	6.612.317	696.640	88.702	7.397.659	13,2
2004	7.244.482	1.282.598	83.217	8.610.297	16,4

2005	7.681.232	1.538.186	85.921	9.305.339	8,1
-------------	-----------	-----------	--------	-----------	-----

Fonte: Inverco.

Durante a última década do século pasado é o que vai do novo século, ano a ano o número de partícipes medrou desmesuradamente.

Con respecto ó ano 1990, hai un 1.347,7% máis de partícipes en plans de pensións privados; os maioritarios son os individuais.

1.2. Relación cotizantes / pensionistas

O noso actual sistema de pensións está baseado no principio de reparto, de forma que si está equilibrado, as pensións contributivas deberían financiarse coas cotizacións dos traballadores coexistentes con eles; no que inflúe: o número de pensionistas, o número de traballadores, o importe medio das pensións e o importe medio das cotizacións.

No que atinxe á relación entre traballadores cotizante / pensionistas, o escenario é o seguinte:

	Pensionistas contributivos	Traballadores cotizantes	Relación
1999	7.509.280	14.578.326	1,9
2000	7.598.890	15.236.218	2,0
2001	7.677.920	15.748.752	2,1
2002	7.745.780	16.188.390	2,1
2003	7.819.460	16.589.561	2,1
2004	7.878.640	17.161.920	2,2
2005	7.979.710	18.156.182	2,3

Fonte: Elaboración propia a partir dos informes do INSS.

Durante todos estes anos, no que o sistema de pensión no Estado español tivo superávit, a relación estivo en torno a 2 cotizantes por cada pensionista, incrementándose nos dous últimos ata acadar 2,3 no ano 2005.

Temos logo que concluír que manténdose unha relación semellante á actual entre o importe medio das pensións e os salarios, a relación entre traballadores afiliados en alta e pensionistas para a sostibilidade do sistema estaría en torno a 2.

2. Galiza

Ao igual que para o Estado español, o Ministerio de Traballo facilítanos as contas da Seguridade Social para Galiza, as cales amosamos a continuación.

Distribución económica dos dereitos recoñecidos en Galiza pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Dereitos recoñecidos (en millóns de euros)

Capítulos	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Cotizacións sociais	2.697,2	2.916,6	3.119,8	3.322,3	3.554,6	3.791,0	4.038,6
Tasas e outros ingresos	39,3	44,9	41,0	44,8	46,3	45,8	42,0
Transferencias correntes	1,8	1,7	1,8	1,7	1,8	1,7	1,6
Ingresos patrimoniais	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1
Enaxenación de inversións reais	1,0	0,1	0,1	0,1	0,1	0,0	0,1
Activos financeiros	0,1	0,1	0,2	0,2	0,3	0,3	0,3
Total	2.739,5	2.963,4	3.163,0	3.369,2	3.603,2	3.838,9	4.082,7

Fonte: Distribución territorial de ingresos e gastos, exercicio 1999-2005, SS, MTAS.

O 98% dos ingresos da Seguridade Social en Galiza proceden das cotizacións sociais, sendo o resto dos recursos practicamente residuais.

Durante o período analizado, os ingresos da Seguridade Social medraron tódolos anos, aínda que por debaixo da media estatal, derivado tanto da menor creación de emprego en Galiza como dos menores salarios medios dos nosos traballadores, o que repercute nuns menores ingresos por cotizacións sociais.

Estes ingresos distribúense como se amosa a continuación:

Obrigacións recoñecidas (en millóns de euros)							
Obrigacións recoñecidas	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Gastos de persoal	63,7	66,1	67,5	69,1	72,6	77,7	82,4
Gastos correntes en bens e servizos	14,7	12,9	13,2	15,0	15,3	15,7	15,9
Gastos financeiros	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1
Transferencias correntes	3.957,1	4.292,0	4.462,7	4.679,6	4.923,3	5.248,3	5.594,1
Pensións contributivas	3.456,9	3.763,3	3.919,1	4.164,4	4.380,6	4.653,5	4.951,0
Pensións non contributivas	158,9	178,0	183,1	191,8	197,6	202,9	211,1
Incapacidade temporal	148,0	142,0	148,1	156,1	166,6	194,6	211,6
Prestacións por matenidade e risco durante o embarazo	24,4	29,2	34,6	35,4	45,3	47,6	54,2
Prestacións familiares	53,9	59,7	62,4	63,2	65,7	65,9	67,9
A Comunidades Autónomas	97,4	100,0	101,7	34,9	35,9	53,0	59,1
Prestacións LISMI	11,1	9,2	7,4	6,3	5,4	4,7	4,0
Outras transferencias	6,2	10,2	6,1	27,1	25,8	25,8	34,8
Inversións reais	1,9	4,1	2,0	2,7	3,2	5,2	4,4
Activos financeiros	0,1	0,2	0,3	0,3	0,3	0,3	0,4
Pasivos financeiros	0,2	0,0	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1
Total	4.037,8	4.375,4	4.546,0	4.766,9	5.014,9	5.347,3	5.697,4

Fonte: Distribución territorial de ingresos e gastos, exercicio 1999-2005, SS, MTAS.

As transferencias correntes absorben o 98,2% do total do gasto, sendo as pensións contributivas as que se levan a maior cuantía, 86,9%.

As pensións non contributivas e as incapacidades temporais, co 3,7% do total do gasto cada unha delas, ocupan o segundo lugar en importancia de gasto.

Os gastos de persoal, co 1,4% séguenlles a continuación. Estes son superiores á media estatal, na cal os gastos de persoal absorbían o 1,2% do total do gasto.

Con respecto á evolución dos últimos anos, os maiores incrementos producíronse nas prestacións por maternidade e risco durante o embarazo, así como as incapacidades temporais, ambas con incrementos bastante superiores á media do gasto.

No que atinxe a diferenza entre ingresos e gastos danos o seguinte resultado:

Diferencia (en millóns de euros)							
	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
	-1.298,4	-1.412,0	-1.383,0	-1.397,7	-1.411,7	-1.508,4	-1.614,7
Variación		8,75	-2,05	1,06	1,00	6,85	7,04

Fonte: Elaboración propia.

O primeiro que chama a atención do cadro anterior é o déficit que tódolos anos presentan os datos do sistema de pensións da Seguridade Social en Galiza, pero temos que ter en conta as peculiaridades que ten Galiza para coñecer o alcance real do mesmo.

O ser Galiza unha comunidade con forte emigración, fai que moitos dos xubilados/pensionistas que cobran as súas pensións en Galiza, parte ou toda a súa vida laboral desenvólvese noutra comunidade do Estado español, os cales volven aquí unha vez rematada a actividade laboral.

O ser o sistema de seguridade social estatal un sistema contributivo de reparto, é dicir, as contribucións da actual poboación activa financian os retornos que cobra a poboación pasiva con dereito a prestación, son as persoas activas nun momento dado os responsables do pagamento dos dereitos adquiridos polos seus antecesores.

Este tipo de sistema leva a que comunidades ou países emigrantes teñen descompensada a súa balanza, o pasar unha parte importante da súa poboación a vida activa nun lugar distinto o de xubilación, xenéranse os dereitos e obrigas en lugares e tempos distintos, polo que as balanzas parciais así non teñen moito sentido.

2.1. As pensións en Galiza

O ser as fontes de financiación distintas, e conveniente distinguir entre as pensións contributivas e non contributivas.

Amosamos, en primeiro lugar, como foron evolucionando as pensións contributivas, tanto en número como en importe no último decenio en Galiza.

Evolución das pensións contributivas, así como do importe medio das mesmas

	Número	Variación	Importe medio	Variación
1996	639.436	–	341,07	–
1997	649.183	1,5	353,64	3,6
1998	657.322	1,2	364,78	3,1
1999	664.695	1,1	375,69	2,9
2000	671.925	1,0	394,43	4,9
2001	676.877	0,7	415,81	5,4
2002	682.668	0,8	432,81	4,0
2003	685.266	0,3	457,53	5,7
2004	688.121	0,4	481,59	5,2
2005	689.700	0,2	506,23	5,1

Fonte: Informes INSS.

Tanto en número como en importe, no último decenio produciuse un incremento constante das pensións, se ben é certo que o número de pensionistas medrou moi moderadamente nos últimos anos, mentres que o importe medio das pensións o incremento foi bastante superior.

En decembro do ano 2005, había en Galiza 689.700 persoas cunha pensión contributiva, un 7,8% máis que en decembro do 1996; a pesar de este medre moderado, representan preto dun cuarto da poboación galega (24,9%), unha porcentaxe maior que fai 10 anos, xa que mentres o numero de pensionistas segue medrando, a poboación en xeral descende. No ano 1996 as persoas que percibían algún tipo de pensión contributiva eran o 23,3% dos galegos empadroados en Galiza.

No que atinxe ao importe medio das pensións contributivas, incrementouse un 48,8%.

Con respecto á media estatal a evolución foi moi desigual, tanto no que respecta ao número de pensionistas, como ao importe medio:

Comparación Galicia - Estado español

		1996	2005	Variación
Galicia	Poboación	2.742.622,00	2.762.198,00	0,7
	PC	639.436,00	689.700,00	7,8
	Importe	341,07	506,23	48,4
	PC/poboación	23,30	24,90	–
Estado español	Poboación	39.669.394,00	44.108.530,00	11,2
	PC	7.110.210,00	7.979.710,00	12,2
	Importe	402,17	609,75	51,6
	PC/poboación	17,90	18,00	–

Fonte: elaboración propia a través dos datos do INE e INSS.

PC = Pensions contributivas.

No último decenio, Galiza practicamente mantén o número de habitantes, cando na media do Estado aumentaron máis dun 11%, polo que a pesar de medrar moito menos os pensionistas aquí, (en 1996 representaban o 8,9% dos pensionistas do Estado e a finais de 2005 o 8,6%), aumenta máis o peso sobre o total da poboación, o que non ocorre na media estatal a pesar de aumentar moito máis o número de persoas perceptoras dalgunha pensión contributiva.

O número de pensionistas no conxunto do Estado incrementouse nun 12,2%, case catro puntos e medio máis que en Galiza, pero con respecto á poboación total, os pensionistas contributivos a penas medraron, no 1996 eran o 17,9% do total dos residentes, e a finais do 2005, o 18%.

Se comparamos o importe medio, as diferencias con respecto á Galiza agrandáronse no período analizado, xa que na media do Estado medraron un 51,6%, mentres en Galiza nun 48,4%. En 1996 os pensionistas galegos cobraban o 84,8% dun pensionista medio do Estado español, 10 anos despois o 83%, preto de 2 puntos menos.

2.2. As pensións contributivas segundo o tipo

Dentro do segmento contributivo da protección social en Galiza englobáanse distintos tipos: incapacidade, xubilación, viuvez e orfandade e favor de familiares. No cadro que se amosa a continuación, expóñense o número pensionistas que se acollen aos distintos tipos, así como a evolución nos últimos anos.

Número de pensionistas segundo o tipo						
	Incapacidade permanente	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor familiares	Total
1997	60.010	414.987	152.395	17.046	4.745	649.183
1998	58.616	419.948	155.549	18.489	4.720	657.322
1999	58.155	423.202	158.595	19.973	4.770	664.695
2000	57.951	426.898	161.702	20.426	4.948	671.925
2001	57.574	430.370	164.005	19.983	4.945	676.877
2002	58.661	430.876	166.781	21.280	5.070	682.668
2003	60.142	429.909	169.175	20.867	5.173	685.266
2004	62.196	428.378	171.929	20.448	5.170	688.121
2005	62.600	428.500	173.000	25.500	–	689.700
% / Total	9,1	62,1	25,1	3,7	0,0	100,0
Variación 2005/1997	4,3	3,3	13,5	49,6	-100,0	6,2

Fonte: Informes INSS.

As pensións máis numerosas a 31 de decembro de 2005 eran as de xubilación, que representan o 62% do total, seguidas das de viuvez co 25%.

No que atinxe á evolución, o número de pensionistas incrementouse un 6,2%. Os que menos medraron foron os xubilados, a finais de 2005 había un 3,3% máis de xubilados que a finais de 1997; pola contra, as viúvas medraron un 13,5%.

Con respecto a 2005 non temos a información desagregada de persoas perceptoras dunha pensión de orfandade ou a favor de familiares, pero con respecto ao 2004, as de orfandade aumentaron preto dun 20%.

Resumindo, en Galiza, e tamén no conxunto do Estado, non son as pensión de xubilación as que máis están medrando, senón o resto, as cales non teñen tanta relación co futuro envellecemento demográfico.

2.3. As pensións contributivas segundo réxime

A evolución das pensións contributivas segundo réxime foi como segue:

	1996	1997	1998	1999	2000
Total	639.436	649.183	657.322	664.695	671.925
Xeral	213.602	222.700	230.711	238.021	245.147
Autónomos	52.342	54.347	56.476	58.728	61.202
Agrarios conta allea	6.817	6.776	6.729	6.705	6.671
Agrarios conta propia	265.982	263.978	261.079	258.034	254.847
Traballadores do mar	43.048	43.921	44.745	45.550	46.397
Minería do carbón	1.413	1.437	1.465	1.485	1.524
Empregados do fogar	14.189	14.539	14.798	15.106	15.390
Accidentes de traballo	15.848	15.965	16.249	16.559	16.748
Enfermidades profesionais	2.474	2.462	2.448	2.424	2.423
SOVI	23.721	23.088	22.622	22.083	21.576
		2001	2002	2003	2004
Total		676.877	682.668	685.266	688.121
Xeral		250.802	257.782	263.957	270.432
Autónomos		63.724	66.071	68.127	70.026
Agrarios conta allea		6.618	6.584	6.532	6.455
Agrarios conta propia		251.265	247.006	241.354	235.780
Traballadores do mar		47.103	47.838	48.405	48.836
Minería do carbón		1.558	1.583	1.599	1.603
Empregados do fogar		15.571	15.799	15.898	15.985
Accidentes de traballo		16.804	17.091	17.112	17.316
Enfermidades profesionais		2.416	2.444	2.464	2.493
SOVI		21.016	20.470	19.818	19.195

Fonte: Informes INSS.

Do cadro anterior destacaríamos:

- A perda de peso dos pensionistas do réxime agrario a favor do xeral. No ano 2004 as pensións máis numerosas en Galiza eran as do réxime xeral (39,3% do total), cando no ano 1996 eran as agrarias por conta propia (41,9%).
- O descenso das pensións do réxime agrario, tanto por conta propia como allea, un 5,3 e 11,4% respectivamente. No ano 1996 representaban o 42,7% do total, e a finais do 2004 o 35,2%.
- O réxime de autónomos foi o que experimentou o maior incremento, un 33,8% seguido do xeral cun 26,6%.

2.4. Relación cotizantes / pensionistas

Aínda que no caso de Galicia, como expuxemos anteriormente, ao ser un país emigrante (moitos galegos neste momento están cotizando noutros lugares do Estado, e moitos dos pensionistas actuais cotizaron fora), este tipo de “balanzas” non reflicten a realidade; aínda así, a evolución, pode ser un dato de interese a ter en conta.

	Pensionistas contributivos	Traballadores cotizantes	Relación
1999	664.695	855.048	1,3
2000	671.925	877.598	1,3
2001	676.877	906.253	1,3
2002	682.668	923.126	1,4
2003	685.266	940.560	1,4
2004	688.121	967.263	1,4
2005	689.700	1.000.755	1,5

Fonte: Elaboración propia cos datos dos informes do INSS.

En Galicia a relación cotizantes / pensionistas é moito máis baixa que na media estatal, unha persoa menos. O dato positivo é que dita relación está mellorando.